



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Escenificación
DISCIPLINA	Escenificación
TITULACIÓN	Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
ITINERARIO	
CURSO	4º
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Roi Vidal Ponte
DOCENTE	Nome e apelidos: Daniel González Salgado Horario titorías: http://www.esadgalicia.com/igl/profesorado.php?id=2&tit=Titorias Despacho: Departamento de Dirección escénica e dramaturxia Contacto: danisalgado@edu.xunta.gal
DESCRIPCIÓN	Principios xerais da escenificación. Análise da escenificación nas diversas formas espectaculares, incluído o espectáculo audiovisual. Análise da situación, do personaxe e da escena.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se requiren.
LINGUAS EN QUE SE IMPARTE	Galego. Castelán.
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
EE1	Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.



EE2	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.	
EE3	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Captar os principios xerais da escenificación.		Todas
2. Comprender o proceso de posta en escena.		Todas
3. Entender a singularidade da dirección no contexto da creación escénica.		Todas
4. Realizar a análise da escenificación de espectáculos de tipoloxía diversa.		Todas
5. Practicar o proceso da posta en escena espectacular.		Todas
6. Facer prácticas de escenificación en linguaxes afíns á creación teatral.		Todas
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
BLOQUE 1 (A ESCENIFICACIÓN TEATRAL)		
1. A linguaxe da escenificación	1.1 A escenificación e a súa análise 1.2 Acción dramática e acción escénica 1.3 Principios da composición escénica. 1.4 Fases e planificación da montaxe teatral.	10uuu
2. O proceso de posta en escena	2.1 Orixe e evolución da dirección escénica. 2.2 Fases e procesos da creación teatral	10
3. O caderno de escenificación	3.1 Puntos de partida. 3.2 Estudos dos referentes. 3.3 Ideas centrais da montaxe. 3.4 Sistemas de significación e narrativa escénica. 3.5 Ensaíos. 3.6 Planificación da produción. 3.7 Avaliación do proceso.	10
BLOQUE 2 (A ESCENIFICACIÓN AUDIOVISUAL)		
4. A linguaxe audiovisual	4.1 Imaxe fotográfica. 4.2 Encadramento. 4.3 Encadramento móbil. 4.4 Duración. 4.5 Montaxe. 4.6 Son.	6
5. A dramaturxia e a escenificación audiovisual	5.1 Causalidade. 5.2 O desenvolvemento argumental no modelo clásico. 5.3 Formas dramáticas non clásicas (categóricas, retóricas, abstractas e asociativas). 5.4 O guión. 5.5 O guión técnico. 5.6 A configuración do estilo 5.7 A análise fílmica.	6



6. Preproducción, produción, posproducción e exhibición	6.1 Planificación. 6.2 Equipo e localizacións. 6.3 Reparto. 6.4 Rodaxe. 6.5 A dirección actoral. 6.6 Montaxe. 6.7 Difusión.	6	
BLOQUE 3 (A ESCENIFICACIÓN EN DIVERSAS FORMAS ESPECTACULES)			
7. A escenificación en diversas formas espectaculares	7.1 A arte de acción 7.2 O espectáculo musical 7.3 Espectáculos de arte efémera	6	
8. A linguaxe da banda deseñada	8.1 O vocabulario dos cómics. 8.2 A narratividade na banda deseñada. 8.3 O deseño na arte secuencial. 8.4 O proceso de creación no cómic	6	
TOTAL SESIÓNS			60
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	5		5
Exposición maxistral			
Exposición práctico-teórica	15		15
Práctica individual	20	70	90
Práctica colectiva	20	15	35
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			
Tutorías individuais	5		5
Tutorías de grupo	5		5
Actividades de avaliación. Probas	5	5	10
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	5	5	10
Actividades de avaliación. Revisión	5		5
TOTAL	85	95	180
PORCENTAXE	47,2%	52,8%	
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE			
Actividades	Descrición		
Caderno de escenificación	Creación do caderno de escenificación dunha montaxe teatral.		
Análise de escenificacións	Realización de análises da escenificación en obras teatrais, audiovisuais e doutras artes afíns.		
Práctica audiovisual	Realización do proceso completo de creación dunha obra audiovisual breve, incluíndo a súa concepción, deseño, gravación, edición e presentación.		
Práctica dunha linguaxe afín	Aplicación da linguaxe dunha arte afín nun proxecto escénico, audiovisual ou		



	de calquera outra índole.	
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Caderno de escenificación	Todas	25%
Análise de escenificacións	Todas	25%
Práctica audiovisual	Todas	25%
Práctica dunha linguaxe afín	Todas	25%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Caderno de escenificación	Todas	25%
Análise de escenificacións	Todas	25%
Práctica audiovisual	Todas	25%
Práctica dunha linguaxe afín	Todas	25%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Caderno de escenificación	Todas	25%
Análise de escenificacións	Todas	25%
Práctica audiovisual	Todas	25%
Práctica dunha linguaxe afín	Todas	25%
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		
Referencias básicas		
Casetti, F. & Di Chio, F. (2007). <i>Cómo analizar un film</i> . Barcelona: Paidós.		
Ceballos, E. (2013). <i>Principios de dirección escénica</i> . México DF: Escenología.		
Martínez Paramio, A. (2006). <i>Cuaderno de dirección teatral</i> . Ciudad Real: Ñaque.		
McKee, R. (2002). <i>El guión. Sustancia, estructura, estilo y principios de la escritura de guiones</i> . Barcelona: Alba.		
McLoud, S. (2007). <i>Entender el cómic. El arte invisible</i> . Bilbao: Astiberri.		
Referencias complementarias		
Bordwell, D. & Thompson, K. (1995). <i>El arte cinematográfico</i> . Barcelona: Paidós.		
Braun, E. (1992). <i>El director y la escena</i> . Buenos Aires: Galerna.		
Eisner, W. (2002). <i>El cómic y el arte secuencial</i> . Barcelona: Norma.		
McLoud, S. (2007). <i>Hacer cómics. Secretos narrativos del cómic, el manga y la novela gráfica</i> . Bilbao: Astiberri.		
10. OBSERVACIONES / RECOMENDACIONES		
A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo desta materia suporá a perda da avaliación continua. Todo atraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.		
Para a asistencia a titorías deberase falar previamente co docente, co fin de pactar o día e a hora do encontro. Tamén se poderá concertar a titoría enviando unha petición por correo electrónico. Será respondida tamén por correo electrónico, indicándose o día e a hora da titoría.		
O alumnado que se presente aos exames das convocatorias ordinaria ou extraordinaria terá que contactar previamente co docente que imparte a materia, co fin de poder organizar a sesión debidamente.		



Manteranse medidas de prevención da Covid-19 en todos os espazos de traballo, como a hixiene das mans e a ventilación regular dos espazos pechados. Así mesmo activaranse os protocolos que especifique a Administración educativa no caso de ser necesario.

IMPORTANTE: Para a superación da materia, o alumnado deberá ter aprobadas todas e cada unha das ferramentas de avaliación arriba indicadas.

Para máis información respecto ao calendario do curso, datas de exames ou horarios de clase:

<https://esadgalicia.com/curso-escolar/>